

## **Posicionamento de AER sobre a creación de zonas de aparcamento disuasorio.**



O concelleiro de urbanismo e interior, o sr. **Arturo González Barbeiro**, explicounos nunha xuntanza solicitada por **AER** o seu plan de regulación do aparcamento na zona da rúa Ernestina Otero (dende o cruce desta rúa coa Subida a Estación) e do aparcadoiro da alameda.

Na rúa Ernestina Otero pretende implantar un sistema de cámaras, dotadas dun software lector de matrículas, que contabilicen o tempo de entrada e saída da mesma. Se se excede do tempo permitido, el propón en principio 30 minutos, automaticamente procederán a multarte.

No aparcadoiro da alameda propón a colocación dunhas barreiras na entrada e na saída, e dunhas máquinas onde, a cambio dun euro a modo de “fianza”, danche un ticket, se non se excede do tempo permitido, neste caso 1 hora e media, devólvenche o euro. Se non, pagas e “ben caro”.

Temos que destacar que a empresa que gañe o concurso para a instalación dos medios necesarios para a regulación do aparcamento tamén levará un contrato de mantemento de dita infraestrutura.

Preguntámoslle o sr. Concelleiro o orzamento necesario para levar a cabo o seu plan e se valorara outras opcións, non obtendo unha resposta válida tanto na xuntanza como posteriormente no pleno de xaneiro.

**Polo tanto pedímoslle ao sr. Concelleiro e ao equipo de goberno que ante a situación actual de crise e falta de recursos no Concello, deixe este proxecto apartado ata a aprobación do orzamento xeral, non vaia ser que faga falta para cousas prioritarias como servizos sociais. Supoñemos que vai ser caro e non temos de todo claro que vaia solucionar o problema do tráfico en Redondela.**

**Lembrarlle tamén ao equipo de goberno que no seu programa electoral levaba o fomento do transporte público. Se fixeran isto, non serían necesarias tantas prazas de aparcamento e poderíase ampliar a alameda ocupando o aparcamento situado ao seu carón. Medida que aplaudiríamos sen dúbida.**

**Tamén queremos recordarlles que aínda que os cartos ingresados pola regulación do aparcamento revertan no concello, boa parte deles, se non todos, irán a parar á empresa privada que leve o mantemento, lucrándose así a través dun espazo que é de todos os redondeláns (privatización na sombra). Que recordemos xa pagamos unha boa cantidade polo imposto de rodaxe. E para rematar, se o famoso plan non funciona, que imos facer logo coas infraestruturas instaladas?**

Como nada disto o recibimos por escrito, solicitamos unha xuntanza co sr. Alcalde da que sacamos a seguinte conclusión:

O plan de tráfico non existe por escrito porque aínda está en fase de estudo. -Estanse reunindo cos veciños de diferentes zonas do pobo e con distintos colectivos.

Posteriormente rematadas estas xuntanzas pasaran a reunirse cos diferentes grupos políticos para explicarlles a súa proposta. Agardamos que así sexa.